



## PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE A CHEGADA DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA (CANS, GATOS E FURÓNS) PROCEDENTES DE UCRAÍNA

### INTRODUCCIÓN

O 04/03/2022 o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a través da Dirección general de Sanidad de la Producción Agraria, remitiu ás Comunidades Autónomas un Protocolo de actuacións ante a chegada de animais de compañía procedentes de Ucraína.

Dado o risco sanitario que supón a entrada de mascotas fundamentalmente (cans, gatos e furóns) sen cumprir os requisitos sanitarios fronte á rabia e a hidatidose, está previsto establecer un procedemento de **vixilancia sanitaria** a levar a cabo coas mascotas procedentes de Ucraína en coordinación cos Servizos Veterinarios Oficiais da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

### PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

Serán sometidas a vixilancia todas as mascotas (cans, gatos e furóns) que entren na Comunidade Autónoma de Galicia procedentes de Ucraína e que entraran en territorio de Galicia por calquera medio.

Calquera persoa ou entidade (concellos, CFSE, asociacións de axuda a refuxiados, protectoras de animais, particulares, veterinarios clínicos, etc.), que teña coñecemento da chegada de mascotas acompañando a persoas refuxiadas dende Ucraína deben contactar cos **Servizos Veterinarios Oficiais da Consellería do Medio Rural da Xunta (SVO) nos seguintes contactos:**

Servizo de Gandaría da Coruña: 981 184 569 [servizo.gandaria.a.coruna@xunta.gal](mailto:servizo.gandaria.a.coruna@xunta.gal)

Servizo de Gandaría de Lugo: 982 294 534 [ganderia.mediorural.lugo@xunta.gal](mailto:ganderia.mediorural.lugo@xunta.gal)

Servizo de Gandaría de Ourense: 988 386 525 [ganderia.ourense@xunta.gal](mailto:ganderia.ourense@xunta.gal)

Servizo de Gandaría de Pontevedra: 886 206 569 [ganderia.pontevedra@xunta.gal](mailto:ganderia.pontevedra@xunta.gal)



## Actuacións

En cada Servizo Provincial de Gandaría (SPG) designarase unha persoa veterinaria responsable, que recepcionará os avisos de presenza destes animais achegados por calquera persoa ou entidade.

A persoa responsable en cada SPG contactará co coordinador provincial de Tragsatec para organizar a visita de control sanitario á mascota, que realizárase á maior brevidade posible por ambas as dúas persoas no lugar onde se atope esta e máis á persoa propietaria. O persoal dos SVO actuantes (persoal do propio SPG ou persoal das Áreas Veterinarias) quedará a discreción do xefe do servizo de gandería correspondente.

Actuacións a realizar:

- Comprobación do estado sanitario do animal.
- Comprobación da documentación identificativa do animal se existe.
- Comprobación da identificación: agás se porta microchip e este é lexible, no resto de supostos, o animal será identificado cun microchip da despesa do veterinario de Tragsatec actuante.
- Desparasitación con antiparasitario interno de amplo espectro (praziquantel activo fronte Echinococcus multiloculares + antihelmíntico activo fronte nematodos redondos).
- Vacinación antirrábica.
- Extracción de sangue para titulación de anticorpos antirrábicos.
- Cobertura da ficha de rexistro individual de cada animal (Anexo I)

O material empregado nesta actuación será subministrado por Tragsatec.

Tras a avaliación da documentación sanitaria do animal podemos atopar dúas situacións:

a) o animal non presenta ningunha sintomatoloxía de rabia nin de ningunha outra enfermidade infectocontaxiosa e acredítase documentalmente a titulación favorable de rabia (> 0,5UI/ml) en Ucraína: indicárase á persoa propietaria que debe realizar corentena domiciliaria de 3 meses desde a data.

b) o animal presenta sintomatoloxía de rabia ou de calquera outra enfermidade infectocontaxiosa ou ben non se acredita a



titulación favorable: o animal debe ser trasladado a un centro de corentena.

No suposto b) a persoa responsable do SPG contactará co establecemento de corentena da súa provincia máis próximo ao lugar de residencia da persoa propietaria do animal, indicando que persoal da empresa pública Tragsatec encargárase do traslado do animal ao establecemento.

O SVO actuante levantará acta das actuacións realizadas.

### **Descrición detallada de actuacións segundo os distintos supostos:**

#### **A. O animal xa fora vacinado en Ucraína:**

Extracción (1ª) de sangue por parte do persoal de Tragsatec para titulación de anticorpos e a revacunación nese momento. O animal permanecerá no domicilio co propietario ata a obtención dos resultados da titulación:

1. Se a titulación é **favorable** ( $>0,5\text{UI/ml}$ ), o animal permanecerá en illamento domiciliario co propietario ou responsable do animal ata completar a corentena de 3 meses dende a extracción de sangue.  
A persoa propietaria ou responsable do animal asinará previamente un escrito aceptando as condicións de seguimento do animal (Anexo II).
2. Se a titulación é **desfavorable** ( $<0,5\text{UI/ml}$ ) o animal será trasladado ao centro de corentena onde permanecerá illado. Realizarase unha nova extracción de sangue para titulación aos 30 días dende a primeira extracción.
3. Se o resultado desta nova titulación (2ª) é desfavorable, volverase a vacinar ao animal aos 2 meses da primeira vacina (permanecendo o animal no centro de corentena).  
Nova extracción de sangue (3ª) aos 30 días da segunda vacinación para proceder a súa titulación.
4. Se a titulación (3ª) volve a ser desfavorable, completárase a corentena no centro por un tempo máximo de 6 meses dende a primeira extracción de sangue.
5. Se a titulación (3ª) é favorable completará a corentena no domicilio da persoa propietaria ata completar os 3 meses dende a primeira extracción de sangue. A persoa propietaria ou responsable do animal asinará previamente un escrito aceptando as condicións de seguimento do animal (Anexo II).



## **B. O animal vacínouse á entrada na Unión Europea (UE):**

B.1: pasaron máis de 30 días desde a vacinación na UE Extracción de sangue e permanencia do animal en corentena domiciliaria ata a obtención de resultados. A persoa propietaria ou responsable do animal asinará previamente un escrito aceptando as condicións de seguimento do animal (Anexo II).

B.2: non pasaron máis de 30 días desde a vacinación na UE Extracción de sangue e traslado do animal a un centro de corentena.

Se a titulación é **favorable**: o animal completará o período de 3 meses desde a extracción de sangue en corentena domiciliaria. A persoa propietaria ou responsable do animal, se non o fixera, asinará previamente un escrito aceptando as condicións de seguimento do animal (Anexo II).

Se a titulación é **desfavorable**: revacunación aos 2 meses da primovacinação e procederase segundo o descrito no apartado A anterior (puntos 3, 4 e 5).

## **C. O animal non está vacinado:**

1. Trasladarase ao centro de corentena e vacínarase por primeira vez.
2. Extracción de sangue aos 30 días da vacinación para proceder a súa titulación.
3. Si o resultado da titulación é **favorable** completará o período de 3 meses de corentena no centro.
4. Se o resultado é **desfavorable**, revacínarase aos 2 meses e procederase co segundo o descrito no apartado A anterior (puntos 3, 4 e 5).

Anéxase a este documento un diagrama de fluxo explicativo.

## **OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE**

**1.-Xestións co centro de corentena colaborador:** o SVO responsable do SPG contactará co centro de corentena colaborador para indicarlle a data e hora prevista de chegada do/s animal/is



Na primeira entrega, o persoal interviniente entregará ao centro de corentena.

- Escrito do Servizo de Sanidade Animal informativo do obxecto e alcance da súa colaboración.
- Copia do Protocolo de actuacións do MAPA
- Documento de recepción do animal (Anexo III) (un documento por cada novo animal recepcionado).
- Informará expresamente dos datos de contacto do SVO responsable do seguimento do protocolo a efectos de comunicación polo centro colaborador de calquera incidencia sanitaria detectada.

**2.-Xestión do transporte dos animais:** a empresa Tragsatec dispón dos vehículos e contedores de transporte necesarios para realizar estas actuacións. Dado o carácter urxente e excepcional desta situación, non será preciso a autorización expresa do transportista nin do vehículo de acordo co Real Decreto 542/2016 sobre normas de protección animal e sanidade durante o transporte.

Así mesmo, considérase suficiente o acompañamento do transporte coa ficha de rexistro individual do animal (Anexo I) como documentación de acompañamento.

**3.-Traslado de mostras de sangue para seroloxía:** serán enviadas polos sistemas habituais de traslado de mostras do persoal de Tragsatec ao LASAPAGA, desde onde se enviarán ao Laboratorio Nacional de Referencia de Santa Fé (Granada).

No caso de ser necesario o uso dunha empresa de transporte para o traslado ao LASAPAGA, utilizarase o servizo da empresa GLS (teléfono de contacto é 647646568, Juan), con cargo á conta desta empresa xa existente co LASAPAGA.

**4.-Cobertura da Ficha de Rexistro Individual de cans, gatos e furóns procedentes de Ucraína.**

No momento da avaliación inicial da situación sanitaria e de identificación do animal cubrirase a ficha de rexistro (Anexo I) cos datos dispoñibles nese momento.

Cada animal sometido a este protocolo identificarase individualmente co seguinte código: ***dous díxitos de código de provincia e un díxito numérico correlativo individual.***

A ficha quedará en poder do SVO actuante e actualizarase coa información que se vaia xerando durante a aplicación do procedemento ata a súa finalización.



**5.-Rexistro Oficial de animais no REGIAC:** de momento estes animais non serán rexistrados neste rexistro oficial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

**6.- Acreditación do persoal de Tragsatec:** o persoal desta empresa portará un escrito de acreditación, a presentar na súa relación cos centros de corentena colaboradores ou outras entidades que así o solicitaran, conforme está realizando actuacións encomendadas pola Consellería do Medio Rural (Anexo IV).

#### **7.-Fluxo de información**

As copias das actas de inspección realizados polos SVO, así como os Anexos I e II, remitiranse ao Servizo de Sanidade Animal da Subdirección Xeral de Gandaría para o seu rexistro e arquivo informático, a través do enderezo electrónico: [monogastricos-sscc.cmrn@xunta.gal](mailto:monogastricos-sscc.cmrn@xunta.gal).

Unha vez finalizado o protocolo na súa totalidade, remitirase a ficha completa en formato pdf ao Servizo de Sanidade Animal.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O xefe do Servizo de Sanidade Animal  
Jesús Javier Orejas Fernández



**ANEXO I**  
**FICHA DE REXISTRO INDIVIDUAL DE CANS, GATOS E FURÓNS PROCEDENTES**  
**DE UCRAÍNA**

Nº rexistro: \_\_\_\_\_

I. PERSOA PROPIETARIA/RESPONSABLE DO ANIMAL	
Nome	Apelidos
Enderezo Ucraína:	
Pasaporte/Documento de identificación	Teléfono / Correo electrónico
DATOS PERSOA / ENTIDADE RELACIONADA EN GALICIA	
Nome / Razón Social:	Teléfono / Correo electrónico
Enderezo:	

II. DESCRICIÓN E IDENTIFICACIÓN DO ANIMAL				
Especie (can, gato, furón)	Raza	Número de microchip	Sexo	Data de nacemento/Data implantación microchip en España

III. INFORMACIÓN SANITARIA: Rabia					
Data vacinación (dd/mm/aaaa)	Nome e fabricante da vacina	Número de lote	Validez da vacinación Desde/ Ata (dd/mm/aaaa)-(dd/mm/aaaa)	Data da mostra de sangue (dd/mm/aaaa)	Resultado da titulación de anticorpos

IV INFORMACIÓN SANITARIA: Tratamento Echinococcus e outros parasitos		
Data desparasitación (dd/mm/aaaa)	Nome do produto	Fabricante

V INFORMACIÓN SANITARIA: Outros datos de interese

VI. LUGAR DE REALIZACIÓN DA CORETENA: Centro público ou privado <input type="checkbox"/>		Domiciliaria <input type="checkbox"/>	
Nome:	Tipo (residencia, centro acollida, clínica veterinaria)	Data de inicio coretena (dd/mm/aaaa)	Data final coretena (dd/mm/aaaa)
Titular / Responsable:	Enderezo:	Teléfono	Correo electrónico

Lugar de comprobación do estado sanitario, documental, identificación, vacinación e desparasitación (endereço, teléfono):

Data e sinatura do persoal de Tragsatec:



ANEXO II

COMPROMISO DE PERSONAS PROPIETARIAS DE PERROS, GATOS Y  
HURONES EN CASO DE CUARENTENA DOMICILIARIA  
*OWNER COMMITMENT IN CASE OF HOME QUARANTINE (DOGS, CATS AND  
FERRETS)*

Identificación de la persona propietaria / Owner identification

Nombre y apellidos \_\_\_\_\_

*Name and surname*

Número de identificación personal: \_\_\_\_\_

*Identification personal number*

Identificación del animal / Animal identification

Especie / Species: \_\_\_\_\_

Raza / Breed: \_\_\_\_\_

Nombre / Name: \_\_\_\_\_

Identificación (microchip) / identification (transponder):

Me comprometo a aceptar lo siguiente:

*I agree to accept the following:*

Realizar la cuarentena del animal de referencia

en:

*Quarantine*

*in:*

.....  
.....  
.....

- Mantener aislado de cualquier otro animal vivo susceptible a la rabia y a moverlo solo atado con una correa o encerrado en un transportín.

*Keep isolated from any other living animal susceptible to rabies and move only on a leash or locked in a carrier.*

- Durante el período de aislamiento, pondré en conocimiento de los Servicios Veterinarios Oficiales, la aparición de cualquier signo de enfermedad o muerte del animal mencionado anteriormente, cualquiera que sea la causa.

*During the period of isolation, I will inform the Veterinary Services in charge of the appearance of any sign of illness or death of the animal mentioned above, whatever the cause.*

- No ceder el animal hasta que el período de aislamiento haya expirado.

*Do not release the animal until the isolation period has expired.*

Lugar y fecha

*Place and date*

Firma completada con la redacción leída y aprobada

*Signature completed with the wording read and approved*





### ANEXO III

#### DOCUMENTO DE RECEPCIÓN DE ANIMAL SOMETIDO A CORENTENA

##### Datos do centro de corentena colaborador

Nome: \_\_\_\_\_  
Enderezo \_\_\_\_\_  
Titular/Responsable:  
- Nome e apelidos \_\_\_\_\_  
- Cargo \_\_\_\_\_  
- NIF/NIE \_\_\_\_\_

##### Datos do animal recepcionado

Especie: \_\_\_\_\_  
Código \_\_\_\_\_ na \_\_\_\_\_ ficha \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ rexistro  
individual: \_\_\_\_\_  
Código microchip: \_\_\_\_\_

En data \_\_\_\_\_, o animal arriba referenciado, foi recepcionado por este centro de corentena colaborador en aplicación do vixente PROTOCOLO DE ACTUACIÓNS ANTE A CHEGADA DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA PROCEDENTES DE UCRAÍNA.

En \_\_\_\_\_

Polo centro colaborador

Pola empresa Tragsatec

Persoa titular ou representante



#### ANEXO IV

##### DOCUMENTO ACREDITATIVO DE ACTUACIÓNS VETERINARIAS ENCOMENDADAS POLA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Á EMPRESA PÚBLICA TRAGSATEC

Debido á situación de emerxencia que atravesamos en Ucraína, a Consellería do Medio Rural encargou a empresa Tragsatec, empresa pública medio propio da Administración, as labores de execución en campo do PROTOCOLO DE ACTUACIONES ANTE LA LLEGADA DE ANIMALES DE COMPAÑÍA PROCEDENTES DE UCRAÍNA, elaborado polo Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación no mes de marzo 2022.

As actuacións de vixilancia sanitaria veterinaria establecidas no citado protocolo contemplan actos clínicos de identificación animal, extracción de sangue, desparasitación, vacinación antirrábica, etc e traslado a un centro de corentena cando fora necesario, das mascotas habitualmente cans e gatos e minoritariamente outras especies, que poden entrar na Comunidade Autónoma de Galicia acompañando as persoas refuxiadas procedentes de Ucraína, e que presenten incumprimentos nos requisitos sanitarios legais para a entrada na Unión Europea.

Estas actuacións técnicas-veterinarias son levadas a cabo en coordinación e baixo a supervisión dos Servizos Veterinarios Oficiais da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

O que asino aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O subdirector xeral de Gandaría  
Jorge Enrique Mourelo Estella





